

Comentario de texto de “A Esmorga”
VV.AA (2009): Lingua galega e literatura. 2º Bacharalato, Xerme Edicións, Vigo

O comenzo das cousas

–

–Como, señor? Non me aparto do conto nin un instante... Estou a decir as cousas polo seu comenzo, que unhas viñeron das outras e sin unhas nos houberan pasado as outras tampouco.

–

–Que han de ser desculpas! Eu non teño ren de que me disculpar que eu nada fixen, pois a ollar as cousas que pasan diante dun non é culpa dun, por máis que llas apoñan ou que llas queiran apoñer.

–

–Feitos? Feitos sonlle todos, tanto os que pasan fóra dun coma os que pasan dentro dun. O que pasou, pasou. E arestora xa ren queda do que pasou fóra dun, senón dentro dun. Agora todo está dentro de min, e si non me peta de me baleirar do que teño dentro, pois o que pasou queda como si non tivera pasado.

–

–Deus lle me libre! Téñolle todo o respecto que vostede merez. Pro tamén teño que decir as cousas como sei decilas e non podo decilas de outro xeito, por mais voltas que lle dea. A máis deso, os feitos, como vostede me enséña, por máis que faga non veñen a mamoria uns detrás doutros, todos en fía, senón todos xuntos e mesturados, coma si o tempo se mesturase tamén e todas as horas se tivesen mesturado sen se quere asoparar unhas das outras. Ó que foi de día, se me poño a matinar, aínda podo conquerirille certa disposición.

Pro o que pasou á noite... a noite está ateigada de cousas, todas tan xuntas que mesmo me somella que non puido habere tempo para tanto, coma si foran moitas noites xuntas, unhas a cabo de outras, ou unha noite moi longa, sen día no entremeio; ou como cousas desaceitadas, sen antes nen dempois, que nin eu mesmo me entendo... a máis diso, tiven moitas vegadas o “pensamento”, que me veu moi seguido, e daquela é coma si me ceibasen do tempo e de todo, coma si estivese e non estivese...

Conque indo ó caso, a tía Esquilacha, como cheirou que había cartos, fíxonos unha boa tortilla de patacas, chourizos e cebola, e tamén uns pementos fritos, que comimos na cociña, ó pé do lume, onde os arrieiros estaban a asar castañas novas que traguían nunca saqueta.

EDUARDO BLANCO AMOR: *A esmorga*, Galaxia

CLAVES

Adecuación

1. O fragmento reflicte a realidade social da época na que foi escrito?
2. Sinala os elementos comunicativos máis destacables neste fragmento.
3. Cal é a intención comunicativa deste texto? Relaciónaa coa intencionalidade da obra.

Coherencia

4. Indica de maneira razoada a tipoloxía textual do fragmento que liches.
5. Identifica o tema do texto.
6. Resume o contido do fragmento.
7. Indica a súa estrutura e as ideas que se desenvolven.

Cohesión

8. Que é o máis destacable do léxico?
9. Analiza os tempos verbais e a persoa gramatical que predomina no texto.
10. Cales son as estruturas sintácticas máis empregadas?
11. Recoñece os marcadores discursivos do texto.

Opinión argumentada

12. Consideras que os autores conseguen o seu propósito?

ADECUACIÓN

■ Localización

O texto é un fragmento d' *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor. Escribe a novela en Bos Aires despois de volver de Galicia tras unha breve estancia no noso país. Naquel momento o pulo literario da capital bonaerense era intensísimo e os galegos exiliados tiveron vía libre para desenvolver unha actividade artística que é a que se negaba en Galicia. Blanco Amor foi un destacado dinamizador a través das súas conferencias e a súa literatura.

■ Elementos da comunicación

O emisor do texto é un narrador en primeira persoa, Cibrán *O Castizo* que dialoga co xuíz que lle está tomando declaración. As preguntas do xuíz son eliminadas. É o que se deu en chamar *técnica telefónica* que serve para subliñar a soidade do personaxe protagonista perante a xustiza.

■ Intención comunicativa

A intención é a de amosar a soidade e inseguridade que o protagonista amosa perante o xuíz á hora de expoñer os acontecementos.

Preténdese facer valer a un “lector activo” que interprete a eliminación das intervencións do xuíz grazas ás respostas atrapalladas de Cibrán que intenta, co emprego de digresións e desculpas, presentarse como vítima da situación que se debe enxuizar.

COHERENCIA

■ Tipoloxía textual

É un texto onde o protagonista presenta unha serie de desculpas sen argumentación (“o pensamento”). Esa exposición salta dunha cuestión a outra dependendo das réplicas e as contrarréplicas ás preguntas do xuíz, polo que non hai, en aparencia unha estrutura da disposición das ideas definida.

Hai unha serie de respostas á defensiva que de entrada non aclaran os feitos, presentan unha situación complicada. Só ao final do texto observamos unha intención de relatar as cousas como foron ao presentar Cibrán unha introdución aos feitos acontecidos.

■ Tema e resumo

O tema é a desarticulación e dúbidas sobre os feitos que Cibrán procura expoñer.

O protagonista pretende explicarlle ao xuíz as razóns polas cales non é quen de xustificar que é o que aconteceu no día dos feitos. Quere facerlle ver ao xuíz como viviu as cousas desde fóra e desde dentro do seu maxín para que o xuíz o poida entender, mais o xuíz non ten clara a intencionalidade de Cibrán na súa ambigua declaración.

■ Estrutura

O texto presenta unha estrutura deductiva, pois o lector ten que facer valer a súa capacidade interpretativa para superar a ambigüidade de Cibrán nas súas respostas. Xoga coa eliminación das preguntas do xuíz. É xusto ao final cando aparece o que debiera ser a introdución ao discurso de Cibrán dando a coñecer aspectos non demasiado relevantes sobre o que rodearía os acontecementos.

COHESIÓN

A lingua empregada é popular e conscientemente dialectalizada polo autor que quere evocar a través dela a orixe social do protagonista (*dempois, apoñer, merez*). A lingua é clara e sinxela e é denotativa polo carácter de declaración que ten.

O discurso do personaxe ten un carácter de defensa desesperada. “*disculpa*”, “*culpa*”, “*apoñer*”, “*pasou*” son termos que alimentan o texto e que pretenden ser base para procurar afastarse da posible condena que lle pode vir. Hai unha clara oposición entre a lei, a xustiza e a condición, mesmo marxinal, do protagonista.

O feito de estarmos perante a declaración dun reo fai que predominen os pretéritos en primeira persoa e o presente para narrar os feitos pasados e mesmo desculparse ante os feitos que acontecen na propia sala onde está co xuíz. É unha presión constante, hai que atender a todo, de aí a variación (“Pro o que pasou á noite...”; “*Téñolle todo o respeto...*”)

A lingua pretende imitar a oralidade, polo que abundan as xustaposicións, explicacións, mais sobre todo, as oracións simples sen gran abundancia de subordinadas (“*coma si me ceibasen do tempo e de todo*”; “*coma si estivese e non estivese...*”).

A cohesión textual deste fragmento radica fundamentalmente nas elipses da *técnica telefónica* na que o lector ten que descubrir a pregunta que precede á resposta e vai enganduxando o contido do diálogo a través da devandita técnica.

OPINIÓN ARGUMENTADA

Observamos no fragmento d' *A esmorga* de Eduardo Blanco Amor un interese polo emprego de técnicas que saísen dos tópicos da novela decimonónica indo a unhas manifestacións literarias máis ambiciosas na súa forma e no seu contido.

A esmorga non é unha novela que se caracterice simplemente pola súa achega técnica á narrativa galega, senón que é quen de amosar unha serie de inqedanzas, miserias, conflitos e peculiaridades nos seus personaxes que a fan complexa e moito máis rica do que nun principio, cando saíu por primeira vez en Galicia, se pretendeu dar a entender. No diálogo entre o xuíz e Cibrán hai unha tensión psicolóxica entre ambos os dous personaxes que levan a conversa a unha sorte de pulso por ver quen leva a razón: o cartesianismo inmisericorde do xuíz, ou as reflexións, digresións e medos dun personaxe que está preso pola confusión aparentemente veraz.

Cibrán ten que falar sobre os acontecementos obxectivos que levaron a el e aos seus compañeiros ao desenlace tráxico que lles deparou a esmorga, mais el párase en intentar explicar como sentiu, como sente os acontecementos daquela noite cunha serie de explicacións que para o xuíz non teñen importancia e soan a escusa e para Cibrán son fundamentais para poder entender como viviu e, polo tanto, poder lembrar eses acontecementos dos que non soubo ou quixo fuxir.

O texto é unha escenificación do separados que están os dous mundos que se enfrontan por saber a verdade e por ocultala: a xustiza, o poder fronte a marxinalidade, a violencia e delincuencia representada polo único que pode xa contar o acontecido.